

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:56:19

SAIDA 1954/19



Reclamante [redacted] en representación da Asociación [redacted]

Expediente. Nº **RSCTG 2/19**

Correo electrónico [redacted]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [redacted] en representación da Asociación [redacted] que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de xaneiro de 2019, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Único. [redacted] en representación da Asociación [redacted], presentou unha solicitude de acceso á información ambiental, referida á explotación mineira Santa Bárbara nº 5006. Mediante acordo da Xefa do servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 12 de decembro de 2018, suspéndese o prazo para ditar resolución ata que se reciban as alegacións da empresa [redacted] ou transcorra o prazo para a súa presentación, por considerar que a información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses da dita sociedade, que está debidamente identificada.

A reclamante no seu escrito expón que en data do 7 de novembro de 2018 presentou solicitude de acceso á información ambiental ante a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente e demais lexislación de aplicación no procedemento

específico de acceso á información ambiental, na que o prazo máximo para resolver é de un mes, prazo que finalizou o 7 de decembro de 2018. A solicitude se formulou invocando expresamente o carácter de información ambiental do solicitado, polo que considera que debe ser tramitada obrigatoriamente de acordo coa súa normativa.

Con data do 12 de decembro de 2018, se lle notificou o referido acordo de suspensión de prazo para resolver e traslado a terceiros, acordo no que se cualifica a información solicitada como información pública, o que considera incorrecto, e se lle aplica incorrectamente o procedemento específico que regula o acceso á información pública contido na Lei 19/2013.

Considera que non pode ser de aplicación supletoria a unha solicitude de acceso á información ambiental, a Lei 19/2013, por supor esta normativa unha restrición respecto á ambiental, no concepto de información (artigo 13), nos límites e nas exclusións do dereito de acceso á información (artigos 14,15 e 18), no relativo ao procedemento de acceso (artigos 17 e 19), no silencio negativo (artigo 20), no custo das solicitudes (artigo 22), no réxime de recursos (artigos 23 e 24), polo que non se pode tramitar a solicitude de información ambiental aplicando o procedemento administrativo e os trámites definidos pola Lei 19/2013 en base a unha aplicación supletoria da mesma, xa que iso introduciría diversas restricións ao dereito de acceso á información que violan o Convenio de Aarhus e a Directiva 2003/4/CE.

Considera que non é posible a intervención no procedemento de terceiros afectados pola petición de información que se contempla no artigo 19.3 da Lei 19/2013, pois ademais de dilatar o procedemento superando o prazo taxativo de un mes imposto pola lexislación, en caso de posibles afeccións negativas a terceiros, unha vez ponderadas como negativas, a Lei 27/2006 contempla a denegación do acceso sen máis, nas circunstancias e condicións expresamente previstas en dita lei.

Por tanto considera que o traslado da solicitude a XXXXXXXXXX outorgándolle un trámite de vista e audiencia supón unha violación do marco normativo específico das solicitudes de información ambiental, que non contempla a comparecencia e intervención de terceiros no procedemento. Considera que é a autoridade pública quen debe valorar a solicitude, e en caso de incorrer nalgún dos límites ou excepcións, resolver en sentido denegatorio. Considera que con esta resolución se lle está a outorgar a referida empresa facultades e dereitos que non posúe, e estase facer unha tramitación contraria a dereito dando un trato de favor a esta empresa para que poda realizar actos administrativos para os cales esa persoa xurídica non está lexitimada.

De acordo co anterior a interesada solicita que a Comisión da Transparencia se pronuncie expresamente sobre estes aspectos:

1. Sobre a admisibilidade desta reclamación como recurso potestativo ante una solicitude que de forma clara e inequívoca se corresponde cunha solicitude de información ambiental, non de información pública.
2. Sobre a procedencia da tramitación da solicitude de información ambiental sobre un dereito mineiro como se dunha solicitude de información pública se tratase, aplicando una normativa específica (lei 19/2013) con carácter supletorio, e concretamente un artigo específico (19.3)
3. Sobre a procedencia da participación de terceiros, adquirindo condición de interesado e abrindo trámites de vista e audiencia con posibilidade de alegacións e outros trámites administrativos nesta solicitude de información ambiental concreta.
4. Sobre a procedencia da suspensión de prazo nesta solicitude de información ambiental.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á

Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A reclamación presentada pola ██████████ en representación da Asociación ██████████ diríxese contra a tramitación da súa solicitude de acceso á información ambiental referida ao expediente da explotación mineira Santa Bárbara nº 5006, por parte da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en particular contra o acordo de suspensión do prazo para ditar resolución en tanto non se sustancie un trámite de audiencia. A entidade reclamante considera contrario á normativa que debe rexer neste procedemento, que é a ambiental, dado que se incumpre o prazo no que a Administración debe resolver de acordo coa mesma.

A reclamante solicita que a Comisión da Transparencia se pronuncie sobre catro aspectos da súa reclamación, aspectos que coinciden literalmente cos que figuran na súa reclamación presentada ante esta Comisión co número de expediente RSCTG 1/19:

- 1) Sobre a admisibilidade do recurso potestativo contra a falla de contestación a unha solicitude de acceso á información ambiental.
- 2) Sobre a aplicación con carácter supletorio da Lei 19/2013 na tramitación dunha solicitude de acceso á información ambiental.
- 3) Sobre a procedencia da participación de terceiros, adquirindo condición de interesado e abrindo trámites de vista e audiencia con posibilidade de alegacións e outros trámites administrativos nunha solicitude de información ambiental.
- 4) Sobre a procedencia da suspensión de prazo nun procedemento de información ambiental

Respecto aos dous primeiros puntos, esta Comisión xa se pronunciou recentemente nun expediente de reclamación presentado por esta mesma solicitante en representación da Asociación ██████████ (expediente RSCTG 126/2018).

Nesa resolución, a Comisión considerou que dada a gran amplitude do concepto de información ambiental definido tanto na normativa europea e nacional na materia como na xurisprudencia do Tribunal Europeo, esta abrangue calquera información relativa ao estado

dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos seus elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva europea en materia de información medioambiental no senso de que no concepto de *medidas administrativas*, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal Europeo mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

Dado que a interesada solicitou unha determinada información ambiental, referida a un expediente dun dereito mineiro, considérase que na tramitación do expediente, a Administración á que se lle solicita a información, debe resolver sobre a procedencia ou non de conceder o acceso de acordo coa normativa de acceso á información ambiental, e en consecuencia, as reclamacións ou recursos que se presenten contra tal decisión no momento no que se produza, deben tramitarse polo disposto na Lei 27/2006 e non en aplicación da normativa en materia de transparencia. Como consecuencia do anterior, e contestando á primeira cuestión suscitada, debe inadmitirse a reclamación presentada pola interesada polos motivos expostos, como sucedeu no expediente RSCTG 126/18 e no RSCTG 1/19.

Con respecto á supletoriedade da normativa en materia de transparencia en aspectos non regulados pola normativa ambiental, está recollida expresamente, como perfectamente coñece a reclamante, na disposición adicional primeira, parágrafo 3 da lei 19/2013, polo que é de aplicación esta norma en aqueles aspectos que non estean regulados pola normativa de acceso á información ambiental.

E en concreto, respecto da procedencia da participación de terceiros (e como consecuencia do mesmo a suspensión de prazo para resolver), adquirindo condición de interesado e abrindo trámites de vista e audiencia con posibilidade de alegacións e outros trámites administrativos nunha solicitude de información ambiental e a suspensión de prazo para resolver, non procede o pronunciamento desta Comisión, por non ser este órgano competente en procedementos de acceso á información en materia ambiental.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] contra a tramitación da súa solicitude de acceso á información ambiental referida ao expediente da explotación mineira Santa Bárbara nº 5006, por parte da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


 Comisión da
transparencia
de Galicia

Milagros Otero Parga